



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL URXENTE DO 14 DE SETEMBRO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00041068W.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da presente convocatoria.

2. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: Aluguer inmovible para ubicación provisoria de parques e xardíns e medio rural.

Acórdase:

Primeiro: Alugar á empresa DESPROI PROMOCIONES, S.L., un inmovible que se destinará á ubicación dos servizos de parques e xardíns e medio rural de xeito temporal e polo periodo de execución das obras das novas instalacións sitas no recinto ferial de Amio. O prazo de duración deste aluguer estímase en 4 meses que poderán prorrogarse mensualmente de non ter a dispoñibilidade dos novos espazos de traballo en Amio á data de remate deste periodo de catro meses.

O prezo de **4.985,5 euros** ao mes, (4.120,00 euros máis 865,20 euros en concepto de IVE), satisfaranse con cargo á partida orzamentaria 030920002020000.

Segundo: Trasladar ao persoal técnico e administrativo do Servizo de Parques e Xardíns e de Medio Rural das oficinas e instalacións que viñan ocupando na antiga estación de autobuses de Santiago de Compostela ás instalacións alugadas, con efectos do 15 de setembro de 2021.

3. COMERCIO. Referencia: 2021/00034472F.

Aprobación da convocatoria de concesión das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería do Concello de Santiago “Bonos Corazón Compostela” e apertura do prazo de adhesión ao programa para os establecementos interesados.

Apróbase a convocatoria de concesión das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería do Concello de Santiago “Bonos Corazón Compostela” e apertura do prazo de adhesión ao programa para os establecementos interesados.

A entrega e distribución dos bonos realízase a través de entidade colaboradora, polo que a aprobación do gasto ten lugar con motivo da aprobación do texto do convenio de colaboración a asinar entre o Concello e a entidade colaboradora que resulte seleccionada.

4. COMERCIO. Referencia: 2021/00033597Y.

Designación de ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A. coma entidade colaboradora para a entrega e distribución dos fondos das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería do Concello de Santiago.

Acórdase a designación de Abanca Corporación Bancaria S.A coma entidade colaboradora seleccionada para a entrega e distribución das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería do Concello de Santiago, a través dos bonos Corazón Compostela.

5. BIODIVERSIDADE E EDUCACIÓN AMBIENTAL. Referencia: Solicitud axuda para protección dos animais domésticos convocados pola Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda, para actuacións encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados en Galicia.

Acórdase solicitar as axudas obxecto da orde da convocatoria; publicada no DOG núm 111 do 14 de xuño de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, convocadas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en réxime de concorrencia competitiva, para actuacións encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados en Galicia e se convocan axudas para o ano 2021 destinadas ás entidades locais.

A solicitude desta subvención e a aceptación da súa posterior concesión non supón ningún gasto para o Concello de Santiago de Compostela, posto que os gastos xa foron realizados pola Fundación Refuxio de Animais como consecuencia das súas competencias.

O importe máximo da axuda, que se obtén por un cálculo estimativo dos criterios indicados no artigo 6.1 da orde do 27 de maio de 2021, procedemento MT811A publicado no DOGA do 14/06/2021, é de **38.300,00 euros**.